

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CORRECCIÓN de erros. Resolución do 14 de marzo de 2016 pola que se convocan unhas xornadas sobre os novos fondos europeos e a súa execución en España.

Advertido erro na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 58, do 28 de marzo de 2016, cómpre facer as seguintes correccións:

– Na páxina 10979, no sumario, onde di: «Resolución do 14 de marzo de 2016 pola que se convocan unhas xornadas sobre os novos fondos europeos e a súa execución en España», debe dicir: «Resolución do 14 de marzo de 2016 pola que se convoca un curso monográfico sobre os novos fondos europeos e a súa execución en España».

– Na páxina 10979, no primeiro parágrafo da resolución, onde di: «convócanse unhas xornadas...», debe dicir: «convócase un curso monográfico...».

– Na páxina 10979, no segundo parágrafo da base 1 da resolución, onde di: «O obxectivo destas xornadas é analizar...», debe dicir: «O obxectivo deste curso monográfico é analizar...».

– Na páxina 10979, no segundo parágrafo da base 1 da resolución, onde di: «Desta maneira, as xornadas pretenden constituírse nun foro de análise...», debe dicir: «Desta maneira, o curso monográfico pretende constituírse nun foro de análise...».

– Na páxina 10981, no primeiro parágrafo da base 7, onde di: «A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento destas xornadas, así como a facultade de cancelalas se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.», debe dicir: «A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste curso monográfico, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustifica a súa realización.».

– Na páxina 10981, na base 8, onde di: «Ao final das xornadas entregarase un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que tivesen participado asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data, o



lugar de realización das xornadas e o selo oficial da institución.», debe dicir: «Ao final do curso monográfico entregárase un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que tivesen participado asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data, o lugar de realización do curso monográfico e o selo oficial da institución.».

CVE-DOG: ebgzwt56-sxr3-akr1-rh6-tbcsl5lshvs6

